

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019.*

A Orde do 31 de decembro de 2018 (DOG núm. 21, do 30 de xaneiro) establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (en diante Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva. O obxecto do Programa de apoio á etapa predoutoral é outorgar axudas ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (en adiante SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutores e doutoras nos seus centros, con dúas modalidades.

No artigo 2 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral.

De acordo co establecido no artigo 9 da convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Gain, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu



e se examinou esta documentación, publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

A avaliación das persoas candidatas faise en función dos méritos acreditados nas letras a), b), c), e d) do artigo 10 da orde de convocatoria, e da puntuación correspondente á adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas definidas no anexo I da convocatoria (letra e) do mesmo artigo), outorgada por un equipo avaliador formado por persoas expertas na RIS3. Esta puntuación final, xunto cos seus valores desagregados, achegóuselle á comisión de selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas corresponde conxuntamente á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e á persoa titular da Presidencia da Gain, de acordo co artigo 12 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección reunida o día 3 de maio de 2019, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

#### RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas de apoio á etapa predoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2018 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa predoutoral que se relacionan no anexo III, na modalidade e coa contía que se indican no dito anexo.

Segundo. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 e anos sucesivos, de acordo coa se-



quinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 15 das bases da convocatoria:

Modalidade A (universidades do SUG): 50 axudas.

Modalidade A							
Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2019	2020	2021	2022	Total
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	UDC	9	81.288,90	195.093,36	195.093,36	113.804,46	585.280,08
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	USC	26	234.834,60	563.603,04	563.603,04	328.768,44	1.690.809,12
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	UVIGO	15	135.481,50	325.155,60	325.155,60	189.674,10	975.466,80
Total FSE			451.605,00	1.083.852,00	1.083.852,00	632.247,00	3.251.556,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UDC	9	16.423,56	71.406,64	25.406,64	8.983,08	122.219,92
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	USC	26	47.445,84	201.396,96	73.396,96	25.951,12	348.190,88
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UVIGO	15	27.372,60	100.344,40	42.344,40	14.971,80	185.033,20
Total FP			91.242,00	373.148,00	141.148,00	49.906,00	655.444,00
Total modalidade A SUG		50	542.847,00	1.457.000,00	1.225.000,00	682.153,00	3.907.000,00

Modalidade A (demais entidades): 7 axudas.

Modalidade A							
Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2019	2020	2021	2022	Total
09.A3.561A.480.0	Fundación Biomédica Galicia Sur	1	10.856,94	30.500,00	24.500,00	13.643,06	79.500,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	3	32.570,82	87.500,00	73.500,00	40.929,18	234.500,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Profesor Novoa Santos	2	21.713,88	59.000,00	49.000,00	27.286,12	157.000,00
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	1	10.856,94	28.500,00	24.500,00	13.643,06	77.500,00
Total modalidade A outras entidades		7	75.998,58	205.500,00	171.500,00	95.501,42	548.500,00



Modalidade B (universidades do SUG): 40 axudas.

Modalidade B							
Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2019	2020	2021	2022	Total
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UDC	5	47.993,05	129.500,00	107.500,00	59.506,95	344.500,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	USC	25	239.965,25	643.500,00	537.500,00	297.534,75	1.718.500,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UVIGO	10	95.986,10	243.000,00	215.000,00	119.013,90	673.000,00
Total modalidade B SUG		40	383.944,40	1.016.000,00	860.000,00	476.055,60	2.736.000,00

Modalidade B (demais entidades): 2 axudas.

Modalidade B							
Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2019	2020	2021	2022	Total
09.A3.561A.480.0	Fundación Biomédica Galicia Sur	1	9.598,61	21.500,00	21.500,00	11.901,39	64.500,00
09.A3.561A.430.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	1	9.598,61	27.500,00	21.500,00	11.901,39	70.500,00
Total modalidade B outras entidades		2	19.197,22	49.000,00	43.000,00	23.802,78	135.000,00

De acordo co establecido no artigo 22 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos da Gain adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias.

Cuarto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG, ou ante a persoa titular da Presidencia da Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.



**ANEXO I****Condicións xerais**

Primeiro. Establecer as condicións xerais e particulares da subvención que se especifican nos anexos III e IV.

Segundo. Todas as solicitudes que figuran nos anexos III e IV desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. Todas as entidades beneficiarias presentaron a declaración de ter capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as condicións que se establecen na convocatoria.

Cuarto. Establecer unha lista de agarda en cada modalidade e para cada órgano instructor, que se inclúe como anexo IV, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 11.6. Nestas listas figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola comisión de selección.

Quinto. A data de comezo dos contratos será o 31 de maio de 2019, agás para as persoas non comunitarias, que poderán asinar o contrato ata o 31 de agosto de 2019.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Gain no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transco-



rrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

## ANEXO II

### Condicións particulares

Primeiro. Na modalidade A desta convocatoria o importe dos contratos das persoas seleccionadas no ámbito das universidades do SUG, incluídos os seus custos sociais, estará cofinanciado parcialmente con fondos do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80 %, dentro do obxectivo temático 10 (Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente), prioridade de investimento 10.02 (A mellora da calidade, a eficacia e o acceso da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para os grupos desfavorecidos), obxectivo específico 10.02.01 (Aumentar o número de alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres) e liña de actuación 102 (Axudas á etapa de formación predoutoral).

Segundo. De acordo co modelo de custos simplificados vinculado a esta convocatoria, o Fondo Social Europeo financiará ata un máximo de 21.677,04 € anuais do custo total de cada axuda da modalidade A.

Terceiro. As universidades do SUG beneficiarias da modalidade A están obrigadas ao cumprimento da normativa comunitaria aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; no Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Consello, modificados ambos os dous polo Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre



normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1296/2013, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE), nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020 e na Orde ESS/1924/2016, do 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.

Cuarto. As universidades do SUG beneficiarias da modalidade A quedan obrigadas a asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, se é o caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais, así como con outros períodos de programación do Fondo Social Europeo.

Quinto. Requírese a concreción do adecuado rexistro dos datos de seguimento e avaliación da actuación, tanto para a acreditación da realidade da actuación como para recoller datos completos das persoas participantes e entidades beneficiarias polas operacións precisos para dar cumprimento aos requisitos de subministración de información a través dos indicadores de execución e de produtividade (UE) nº 1304/2013 (anexo I, de especificacións de indicadores desta autorización), garantindo que se indisporá de datos dos destinatarios últimos das actuación a nivel de microdato, así como se poderá realizar un adecuado seguimento do cumprimento dos indicadores de resultados recollidos no anexo I do Regulamento 1304/2013.

Sexto. Infórmase a persoa ou entidade beneficiaria de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos beneficiarios ou das beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, que será obxecto de publicación electrónica o por outros medios segundo o previsto no artigo 115.2 da mesma norma xurídica.

Sétimo. No caso das axudas da modalidade A cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, coa primeira xustificación deberase achegar información dos indicadores de execución e de produtividade sobre as entidades e os participantes a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. Do mesmo xeito, coa última



xustificación as universidades beneficiarias deberán presentar os indicadores de resultado inmediatos a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde a última xustificación, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

Oitavo. Obriga a manter un sistema de contabilidade diferenciado para todos os ingresos relacionados coas operacións.

Noveno. Require acreditar ante a autoridade de xestión ou, se é o caso, o organismo intermedio a realización da actividade e facilitar as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta realización do proxecto ou acción obxecto da axuda, achegando, para o efecto canta documentación lle fose requirida no seu procedemento de verificación, tanto administrativa como sobre o terreo, un conxunto representativo das actuacións e operacións que se están levando a cabo.

Décimo. Comporta, así mesmo, someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que realice a unidade administradora do Fondo Social Europeo, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das súas intervencións delegadas, o Consello de Contas de Galicia, os órganos de control da Comisión Europea ou o Tribunal de Contas Europeo, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos comunitarios, para o cal achegarán canta información lle sexa requirida.

Décimo primeiro. Conforme o artigo 140 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, comporta conservar e custodiar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos da operación.

Décimo segundo. Comporta a obriga de colaborar co organismo intermedio na elaboración dos informes de execución anual e final correspondentes.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade  
e Formación Profesional

Francisco Conde López

Conselleiro de Economía, Emprego e  
Industria e presidente da Axencia Galega  
de Innovación





**ANEXO III**
**Axudas concedidas**

Modalidade A.

Universidade da Coruña.

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2019/205	UDC	Varela	Rodríguez	Hiram	***6505**	2	10,5423
ED481A-2019/231	UDC	Teijeiro	Paredes	Diego	***5788**	2	10,5270
ED481A-2019/097	UDC	Guzzi		Eleonora	****5499*	3	9,9333
ED481A-2019/233	UDC	Salamini	Montemurri	Martín	***7361**	3	9,9264
ED481A-2019/196	UDC	Lizancos	Vidal	Plácido Francisco	***8965**	2	9,6623
ED481A-2019/081	UDC	Ageitos	Castiñeiras	Lucía	***3128**	3	9,4248
ED481A-2019/206	UDC	Rodríguez	Fernández	Silvia	***2209**	3	9,3833
ED481A-2019/189	UDC	Romero	Campo	Paula	***6011**	3	9,3708
ED481A-2019/155	UDC	Santoveña	Gómez	Raúl	***7349**	2	8,8876

Universidade de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2019/038	USC	Rioboo	Vidal	Alicia	***0806**	3	13,1567
ED481A-2019/075	USC	Silveira	Loureiro	María	***0837**	2	11,4702
ED481A-2019/049	USC	Veiga	Rúa	Sara	***1087**	2	11,2072
ED481A-2019/026	USC	Freire	Agulleiro	Óscar	***3439**	2	10,9814
ED481A-2019/085	USC	Bayón	Fernández	Alfonso	***5686**	3	10,8819
ED481A-2019/007	USC	Escudero	Pérez	Adriana	***2174**	3	10,6197
ED481A-2019/210	USC	Osorio	Celis	Marcelo	***2269**	3	10,4572
ED481A-2019/070	USC	Da Concepción	Vicente	Eduardo	***5767**	2	10,3392
ED481A-2019/114	USC	López	Estévez	Ana María	***8495**	3	10,2878
ED481A-2019/172	USC	González	Rodríguez	Jorge	***8490**	2	10,2093
ED481A-2019/072	USC	González	González	José Manuel	***1588**	3	10,0826
ED481A-2019/032	USC	López	Novo	Cynthia	***8173**	2	10,0517
ED481A-2019/194	USC	Parga	Martínez	Ana	***6148**	3	10,0205
ED481A-2019/190	USC	Álvarez	Lorenzo	Aitor	***0193**	2	9,9442
ED481A-2019/103	USC	Fernández	Varela	Carmen	***6291**	3	9,8865
ED481A-2019/056	USC	Lomba	Castro	Julián	***7390**	2	9,8448



Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2019/142	USC	Romarís	Villanueva	Pablo	***7084**	2	9,6237
ED481A-2019/187	USC	Rey	Tarrío	Francisco	***8283**	2	9,6019
ED481A-2019/133	USC	Martínez	Castaño	Rodrigo	***8216**	2	9,5661
ED481A-2019/120	USC	Vivero	López	María	***9796**	2	9,5294
ED481A-2019/054	USC	Garbayo	Peón	Ana	***2947**	2	9,3503
ED481A-2019/101	USC	Díaz	López	Gonzalo	***4532**	3	9,2082
ED481A-2019/083	USC	Argiz	Montes	Lucía	***8169**	3	9,1784
ED481A-2019/131	USC	López	Lorenzo	Nuria	***6219**	2	9,1482
ED481A-2019/115	USC	Vázquez	Rodríguez	David	***8070**	3	9,0877
ED481A-2019/117	USC	López	Corbalán	María Victoria	***4184**	3	8,9157

**Universidade de Vigo.**

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2019/312	UVigo	González	Pereira	Antía	***1960**	2	10,1701
ED481A-2019/295	UVigo	García	Oliveira	Paula	***1452**	2	10,0971
ED481A-2019/289	UVigo	Canabal	Abalo	Ana	***8038**	-	9,9364
ED481A-2019/288	UVigo	Broullón	Mandado	Esperanza	***1116**	3	9,6454
ED481A-2019/243	UVigo	Santos	López	Artai Antón	***6049**	2	9,6045
ED481A-2019/230	UVigo	González	Baldonado	Jacobo	***4334**	1	9,6020
ED481A-2019/293	UVigo	Fernández	Lodeiro	Carlos	***9333**	3	9,4546
ED481A-2019/244	UVigo	Tiryaki		Ecem	****2957*	3	9,2389
ED481A-2019/297	UVigo	Liz	Dominguez	Martín	***8168**	2	9,1931
ED481A-2019/227	UVigo	Fernández	Fernández	Ángel Manuel	***9898**	2	9,1400
ED481A-2019/314	UVigo	Pérez	Davila	Sara	***1847**	1	9,1347
ED481A-2019/250	UVigo	Otero	Millán	Luis	***7357**	3	9,1158
ED481A-2019/299	UVigo	Nogueira	Rodríguez	Alba	***7438**	-	9,0795
ED481A-2019/225	UVigo	Cid	Rodríguez	Natalia	***9740**	3	9,0771
ED481A-2019/291	UVigo	Díaz	Rúa	Adrián	***6751**	2	8,9627

**Outras entidades.**

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
IN606A-2019/012	Fundación Profesor Novoa Santos	Fuentes	Valverde	Víctor	***0390**	2	10,8032



Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
IN606A-2019/020	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	González	Conde	Miriam	***6125**	2	10,4785
IN606A-2019/027	Fundación Biomédica Galicia Sur	Ruiz	Arribas	Marta	***0664**	3	9,9483
IN606A-2019/003	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Lores	Touriño	Saínza	***1800**	2	9,5785
IN606A-2019/029	Fundación Profesor Novoa Santos	Lasarte	Monterrubio	Cristina	***2621**	3	9,5288
IN606A-2019/001	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Bao	Caamaño	Aida	***3829**	3	9,3724
IN606A-2019/026	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Jerusalén	Lieó	Ester	***9434**	2	9,2811

## Modalidade B.

### Universidade da Coruña.

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2019/003	UDC	Alba	González	Anabel	***3329**	2	Ciencias	9,9105
ED481A-2019/102	UDC	González	Flores	María	***7994**	3	Artes e Humanidades	9,8475
ED481A-2019/001	UDC	Arias	Ferreiro	Goretti	***1741**	1	Enxeñaría e Arquitectura	8,6890
ED481A-2019/014	UDC	Farfán	Durán	Juan Fernando	****1828*	2	Enxeñaría e Arquitectura	8,4033
ED481A-2019/214	UDC	Rodríguez	Llorente	Carolina	***7463**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,2023

### Universidade de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2019/091	USC	Álvarez	Díaz	Beatriz	***8207**	2	Ciencias	11,1961
ED481A-2019/013	USC	Tacón	García	Antía	***6164**	2	Artes e Humanidades	10,7920
ED481A-2019/174	USC	González	Bernárdez	Sara	***1012**	2	Artes e Humanidades	10,7288
ED481A-2019/068	USC	López	Sande	Sergio	***2011**	2	Artes e Humanidades	10,1158



Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2019/166	USC	García	Docampo	Laura	***9186**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,9900
ED481A-2019/015	USC	Cajade	Pascual	Daniel	***6205**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,5711
ED481A-2019/012	USC	Blanco	Álvarez	José	***6437**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,5572
ED481A-2019/063	USC	Lorenzo	Rodríguez	Abel	***8955**	2	Artes e Humanidades	9,5143
ED481A-2019/053	USC	Santiago	Dacosta	Alipio	***7986**	2	Artes e Humanidades	9,3588
ED481A-2019/092	USC	Costas	Sánchez	Celia	***6995**	2	Ciencias	9,1706
ED481A-2019/090	USC	Gancedo	Fernández	Yurena	***2074**	3	Ciencias da Saúde	9,1668
ED481A-2019/277	USC	Sanjurjo	Durán	Emilio	***4311**	1	Artes e Humanidades	9,0530
ED481A-2019/031	USC	Fontán	Amoedo	María Dolores	***2224**	2	Artes e Humanidades	9,0257
ED481A-2019/247	USC	Núñez	Cerviño	José	***5441**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,8499
ED481A-2019/116	USC	Castro	Táboas	Iago	***0964**	2	Artes e Humanidades	8,8309
ED481A-2019/156	USC	Ferreiro	Caneiro	Uxía	***6278**	3	Ciencias da Saúde	8,5859
ED481A-2019/148	USC	De Francisco	Mantiñán	Carlos	***2810**	1	Artes e Humanidades	8,5693
ED481A-2019/094	USC	Barroso	Hurtado	María	***5013**	3	Ciencias da Saúde	8,5484
ED481A-2019/256	USC	Rivas	Cabanelas	Raquel	***7923**	2	Artes e Humanidades	8,4990
ED481A-2019/108	USC	Campos	Romero	Hugo	***5417**	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,4326
ED481A-2019/074	USC	López	Fernández	Tamara	***7936**	1	Artes e Humanidades	8,3480
ED481A-2019/021	USC	Cobo	Golpe	María	***0907**	2	Ciencias da Saúde	8,3242
ED481A-2019/084	USC	Suárez	Castro	Daniel	***9142**	3	Ciencias da Saúde	8,3111
ED481A-2019/071	USC	López	Rabuñal	Ángela	***5237**	2	Ciencias da Saúde	8,2586
ED481A-2019/019	USC	Calvo	López	Santiago	***7177**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,0818



## Universidade de Vigo.

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2019/157	UVigo	Cabaleiro	Alfaya	María	***7647**	1	Ciencias	9,7560
ED481A-2019/186	UVigo	Varela	Tarabal	Rocío Inés	***3890**	2	Enxeñaría e Arquitectura	9,2273
ED481A-2019/181	UVigo	Rico	Vázquez	María	***5251**	2	Artes e Humanidades	9,1438
ED481A-2019/286	UVigo	Otero	Rodríguez	Aroa	***8146**	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,7351
ED481A-2019/280	UVigo	Fidalgo	Giráldez	Andrea	***9040**	-	Artes e Humanidades	8,5165
ED481A-2019/287	UVigo	Sobrino	García	Itziar	***4556**	-	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,4764
ED481A-2019/308	UVigo	Martínez	Pérez	Sara	***9970**	2	Artes e Humanidades	8,4281
ED481A-2019/173	UVigo	Mouriño	Schick	Andrea	***5510**	2	Artes e Humanidades	8,3886
ED481A-2019/158	UVigo	Campo	Prieto	Pablo	***3380**	2	Ciencias da Saúde	8,2717
ED481A-2019/154	UVigo	Bermejo	Freijo	Itziar	***6473**	-	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,2643

## Outras entidades.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2019/025	Fundación Biomédica Galicia Sur	Gómez	Paz	Olaya	***6157**	-	Ciencias	7,0256
IN606A-2019/021	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	González	Carrión	Francisco	***1483**	3	Ciencias	6,9135

## ANEXO IV

## Listas de agarda

## Modalidade A.

## SUG.

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2019/087	USC	Alonso	Rego	Cecilia	***8535**	2	8,8731
ED481A-2019/262	UDC	Souto	Arias	Luis Antonio	***3148**	2	8,8731
ED481A-2019/006	UDC	Álvarez	González	Sara	***9639**	3	8,8640



Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2019/137	USC	Piñeiro	Pomar	César Alfredo	***9816**	2	8,8504
ED481A-2019/290	UVigo	Costas	Selas	Cecilia	***6643**	2	8,8498
ED481A-2019/263	USC	Fernández	Canto	Nerea	***4958**	-	8,8482
ED481A-2019/112	USC	Senande	Rivera	Martín	***4011**	3	8,8160
ED481A-2019/141	USC	Reza	Ramos	David	***6141**	2	8,8048
ED481A-2019/069	UDC	Concheiro	Moscoso	Patricia	***4409**	3	8,7850
ED481A-2019/055	USC	Leirós	Lorenzo	María	***7016**	2	8,7712
ED481A-2019/237	UVigo	Pequeño	Valtierra	Ana	***6520**	2	8,7567
ED481A-2019/022	USC	Díaz	Jiménez	Dafne	***2143**	3	8,6933
ED481A-2019/059	USC	Carral	López	Gabriel María	***6050**	2	8,6912
ED481A-2019/151	USC	Canabal	Falcón	Rafael	***8626**	3	8,6683
ED481A-2019/236	UVigo	Otero	Calleiras	Daniel	***7654**	2	8,6453
ED481A-2019/010	UDC	García	González	Daniel	***8553**	2	8,5985
ED481A-2019/107	USC	Laso	Rodríguez	Rubén	***6727**	2	8,5848
ED481A-2019/016	USC	Aramburu	González	Óscar	***7875**	2	8,5768
ED481A-2019/146	USC	Saavedra	Souto	Pablo	***1738**	2	8,5763
ED481A-2019/257	USC	Pose	Boirazian	Tomás	***4590**	1	8,5323
ED481A-2019/193	UDC	Díaz	González	Macarena	***5282**	2	8,5274
ED481A-2019/132	UDC	Barreiro	Villaverde	David	***5007**	2	8,4899
ED481A-2019/119	USC	López	Borrajo	Mireya	***5984**	3	8,4881
ED481A-2019/200	USC	García	Colomer	Mar	***3533**	3	8,3967
ED481A-2019/211	UDC	Méndez	Fernández	Isabel	***1916**	2	8,3575

**Modalidade A.**
**Outras entidades.**

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
IN606A-2019/022	Fundación Biomédica Galicia Sur	Freiría	Martínez	Luis	***8383**	2	9,0977
IN606A-2019/023	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Saco	Beiroa	Amaro	***9349**	3	9,0106
IN606A-2019/024	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Villena	Rodríguez	Andrea	***4575**	3	8,8287
IN606A-2019/011	Fundación Profesor Novoa Santos	Lorenzo	Gómez	Irene	***7004**	3	8,6139



Modalidade B.

SUG.

Nº de expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2019/004	UDC	Sarymsakova		Albina	****6318*	1	8,2016
ED481A-2019/002	UDC	Barsaglini	Castro	Anabella Soledad	***5849**	2	8,1878
ED481A-2019/184	USC	Hita	Millán	Isabel del Mar	***6581**	2	8,1847
ED481A-2019/217	USC	Agrelo	Janza	Luis Martín	***9839**	2	8,0507
ED481A-2019/306	UVigo	García	Fuentes	Olalla	***9368**	1	8,0335
ED481A-2019/265	USC	Vaz	Álvarez	Martín	***6647**	3	8,0289
ED481A-2019/139	USC	Alonso	Pena	María	***2076**	3	7,9943
ED481A-2019/040	USC	Formoso	Silva	María	***9806**	2	7,9689
ED481A-2019/009	UDC	Jimeno	Rodríguez	Juan Antonio	***0200**	2	7,9616
ED481A-2019/171	USC	Gómez	Rey	Gonzalo	***3210**	-	7,9519
ED481A-2019/259	USC	Rodríguez	Alonso	Guillermo	***9344**	-	7,8973
ED481A-2019/140	USC	Ordóñez	Miguéns	Ismael	***0863**	2	7,8967
ED481A-2019/028	UDC	Castro	García	Marina	***0383**	2	7,8826
ED481A-2019/241	USC	González	Quinzán	Serafin	***0053**	2	7,8753
ED481A-2019/104	UDC	Macías	Digón	Beatriz	***1667**	3	7,8420
ED481A-2019/106	USC	Azaustre	Lago	Antonio	***8633**	2	7,8202
ED481A-2019/268	USC	Núñez	García	Jesica	***8850**	2	7,8193
ED481A-2019/095	USC	Álvarez	Fernández	Noemí	***6364**	3	7,7977
ED481A-2019/162	USC	Real	López	Arturo	***4535**	1	7,7755
ED481A-2019/310	UVigo	Pires	Fernandes	Filipa Alexandra	****7825*	2	7,7594

